



---

# CONCURSO DISEÑO LOGO

## ANPA BEN CHO SHEY

---

## Bases do Concurso

### 1. Obxecto

Deseño do logotipo destinado a ser a imaxe corporativa da asociación de nais e pais de CEIP BEN CHO SHEY en toda a difusión da mesma e os posibles materiais asociados. O propósito é que o logo reflicte a natureza do colexio e da ANPA.

### 2. Participantes

Poderán participar todos os alumnos/as que sexan socios/as da ANPA no curso escolar 2021/2022, nunha única categoría que abarcará todos os cursos de infantil e primaria.

### 3. Condicións do LOGO

- ✓ Poderase presentar un máximo de dous deseños por neno/a.
- ✓ Os deseños deberán ser orixinais e inéditos e a técnica será libre. Aínda que pódese botar unha man aos menos, valorarase que o traballo sexa exclusivamente feito polo cativo.
- ✓ Os deseños, poderán ser en papel (debuxados) ou en formato dixital (feitos por ordenador ou tablet). No caso de facerse en papel, deberá enviarse unha foto e conservar o orixinal para en caso de ser o gañador, poder traballar sobre el e manter a calidade do mesmo.

### 4. Presentación dos traballos

A data tope para enviar os traballos será o **8 de maio de 2022** ás 22h. As propostas se enviarán ao correo electrónico da ANPA [anpabenchoshey@yahoo.es](mailto:anpabenchoshey@yahoo.es) co asunto: LOGO ANPA - NOME NENO/A - CURSO e indicando no correo o teléfono de



contacto. O deseño achegarase ao correo como arquivo adxunto en formato .jpg, .png ou pdf.

## **5. Xurado e votación das propostas**

Nuha primeira volta, os/as membros da xunta directiva da ANPA elixirán tres posibles gañadores, que serán publicados na conta de IG da ANPA durante 48 horas. Nese período, o deseño que máis “me gusta” reciba será o gañador.

Ofrécese tamén a opción de votar tamés enviando un correo á dirección [anpabenchoshey@yahoo.es](mailto:anpabenchoshey@yahoo.es) con asunto VOTACIÓN LOGO ANPA. Só se contabilizará un correo electrónico por persoa.

A resolución do concurso é inapelable.

## **6. Premio**

O ganador obterá un premio que consiste no seguinte:

Mención especial na conta de IG da ANPA

Diploma acreditativo de gañador do concurso

Cheque regalo por valor de 50€ a gastar nunha tenda de artigos deportivos.

## **7. Aceptación das bases**

A participación no concurso leva implícita a aceptación de todas estas bases e do fallo do xurado.

A organización resérvase o dereito a modificar ou recortar parcialmente o deseño coa finalidade de adaptalo.

A ANPA se reserva os dereitos da propiedade y uso do deseño gañador e poderá reproducilo mediante os formatos y a través dos medios que considere oportunos.

As obras que non cumpran as condicións de presentación non entrarán en concurso.